

AS PEGADAS DA NOSA CULTURA



Hai moitos, moitos anos, Galicia , que daquela aínda non tiña nome, era unha terra cuberta de bosques con árbores de moi diversas clases. Todas estas especies medraban dabondo porque non había coches, nin fábricas contaminantes e tampouco había pirómanos que atentasen contra eles.




No ano 600 antes de C. máis ou menos, chegaron á Península unhas tribos que se asentaron no Noroeste.




Os habitantes dos castros, eran coñecidos por ser xente forte , arteira e moi dados ó comercio. Cando os romanos conquistaron este territorio do que pensaban que era o fin do mundo (Fisterrae), bautizaron a estas xentes como “GALLAECI”




Elixiron para facer as súas vivendas os cumios dos montes : por estratexia e porque lles era máis doado; xa que non tiñan ferramentas para talar tantas árbores. Estas edificacións son coñecidas como CASTROS



Os castros eran de distintos tamaños. Estaban sempre rodeados por varias murallas de pedra e ás veces por foxos. Dentro das murallas estaban as casas.



As casas dos castros eran circulares e cubertas con palla e xestas, primeiramente eran de barro e máis tarde de pedra.



Os castrexos eran moi bos artistas. Traballaron moi ben a pedra e os metais, deixando boa mostra disto. Ademais gustaban de ir engalanados con xoias.

Víchelo meu torque, Luzdivina?

HA,HA;HA!. Vin, Pelouriño. Parece que tes o pescozo algo esnaquizado.

Diola!. Estou tan guapo que lle fago sombra ó Sol.

Voulle ensinar a Brincadeira as miñas arracadas para que se amole.



Velaiquí tedes algúns restos



Hai algo máis de 2000 anos, un procónsul de Roma, subiu por terras lusitanas con miras a conquistar o Noroeste da Hispania (Este nome tamén o puxeron os romanos). Os Gallaeci , xuntáronse para defender o seu territorio...

Escoitade ben!. Os rumorosos da Costa Verdescente din que un numeroso grupo de xente guerreira e civil, vén cara as nosas terras coa intención de asentarse no último recuncho que lles queda por conquistar. Iomos permitir que nos asoballen?

NONNNNNNN!



QUE FOI DAQUELA LOITA ENCARNECIDA? QUEN ERA ESA XENTE QUE XA CONQUISTARA O MUNDO COÑECIDO?

- * Terás que esperar o próximo capítulo para sabelo. Namentres aprende que Galicia ten unha riqueza cultural extraordinaria. Que o teu deber é coñecela, coidala e sentila . Non é maravilloso saber que formas parte dun pasado glorioso?
- * **RECORDA:** Es un compendio de todo o acontecido ata chegar a TI. Serás , se xogas ben coa baralla da vida , unha parte dos que virán detrás.
- * Na próxima diapositiva poderás ver restos arqueolóxicos dunhas tribos coas que gardas en común máis do que pensas.

